

**Resolución pola que se publica o resultado da convocatoria de subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.**

GDR - 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte

**Convocatoria 2018-2019: solicitudes de axuda presentadas ata o 31 de marzo de 2018.**

Mediante o Acordo do Consello de Dirección da Agader do 29 de decembro de 2016 aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020, cofinanciadas con Feader (DOG nº 12, do 18 de xaneiro de 2017) e mediante a Resolución do 12 de decembro de 2017 do director xeral da Agader, convocáronse, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), para as anualidades 2018 e 2019 (DOG núm. 245, do 28 de decembro de 2017).

Para o financiamento desta convocatoria prevíase que con cargo ao 2018 disporíase de 7.630.000,00 € con cargo ás aplicacións orzamentarias da Agader 13.A1.712A.7600, 13.A1.712A.7700 e 13.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 13.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural). A resolución do 2 de xullo de 2018 do director xeral da Agader, ampliou a dotación orzamentaria prevista para a anualidade 2018 ata un total de 9.223.121,17 € (DOG núm. 129, do 6 de xullo).

Para atender os compromisos derivados desta convocatoria con cargo á anualidade 2019, prevese un importe de 9.908.970,00 €, que se imputarán con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia da citada anualidade 2019.

A Resolución do 9 de xullo de 2018 do director xeral da Agader pola que se amplía para o GDR - 22 Grupo de Desenvolvemento Rural Costa da Morte a dotación orzamentaria da Resolución do 12 de decembro de 2017 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); e pola que se aproban, dentro das disponibilidades orzamentarias globais establecidas, os importes máximos dispoñibles dentro das distintas tipoloxías de proxectos subvencionables ao abeiro da submedida 19.2 do PDR, establece, para este GDR a seguinte distribución de importes por tipoloxías:



SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.018	%	2.019	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	179.325,70	56,63	235.296,19	57,46	414.621,88	57,10
	Non produtivos (entidades públicas locais)	105.664,64	33,37	133.226,28	32,54	238.890,92	32,90
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	31.665,59	10,00	40.946,96	10,00	72.612,55	10,00
	Formación	0	0,00	0	0,00	0	0,00
	<b>TOTAL</b>		316.655,93		409.469,43		726.125,36

Unha vez efectuada a distribución de fondos da convocatoria 2018-2019 entre os proxectos non produtivos de Entidades Públicas Locais, obsérvase que sobran fondos nesta tipoloxía de proxectos, nas anualidades 2018 e 2019 e entres os proxectos non produtivos de carácter privado na anualidade 2019. A Xunta Directiva celebrada o 30 de xullo de 2018, acorda o traspaso dos fondos sobrantes

Unha vez efectuado o traspaso de fondos anteriormente acordado pola Xunta Directiva, o cadro anterior ten a seguinte distribución de importes por tipoloxías:

SUBMEDIDA	TIPO PROXECTO	GASTO PÚBLICO DA ESTRATEXIA					
		2.018	%	2.019	%	TOTAL	%
19.2 Apoio a realización de operacións conforme á extratexia de desenvolvemento local participativo	Productivos	197.767,97	62,46	311.302,74	76,03	509.070,71	70,11
	Non produtivos (entidades públicas locais)	87.222,37	27,54	57.854,10	14,13	145.076,47	19,98
	Non Productivos (institucións de carácter privado)	31.665,59	10,00	40.312,59	9,85	71.978,18	9,91
	Formación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	<b>TOTAL</b>		316.655,93		409.469,43		726.125,36

O artigo 17.6 das bases reguladoras das citadas subvencións establece que as subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras publicaranse no DOG, así coma no taboleiro de anuncios da sede da Agader (lugar da Barcia, nº56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), na web do GDR e na web da Agader (<http://agader.xunta.gal>).

Ademais, a resolución notificarase individualmente a cada interesado, remitíndolle unha copia ao GDR.

Tendo en conta que:

- A competencia para resolver sobre a concesión das axudas lle corresponde á persoa titular da Dirección Xeral da Agader, en virtude do Acordo de delegación do 13 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto).
- Existe dispoñibilidade financeira para as axudas que se propoñen.
- Existe coherencia coas proposta da Xunta directiva do GDR do día 30 de xullo de 2018.



- Existe coherencia cos informes proposta das resolucións individuais, emitidos polo subdirector de Relacións cos GDR

**RESOLVO QUE SE PUBLIQUE O RESULTADO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS SEGUNDO SE INDICA NOS PUNTOS SEGUINTE:**

- 1) Establecer a listaxe de proxectos seleccionados: produtivos (anexo I), non produtivos promovidos por entidades públicas locais (anexo II) e non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo III).
- 2) Establecer a listaxe de proxectos en situación de lista de agarda para proxectos produtivos (anexo IV) e para proxectos non produtivos promovidos por entidades privadas (anexo V).
- 3) Establecer a listaxe de proxectos para os que procede a denegación da subvención por non cumprir algún dos requisitos indicados nas bases reguladoras e/ou na estratexia do GDR (anexo VI).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.



### ANEXO I: PROXECTOS PRODUTIVOS SELECCIONADOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2018	IMPORTE AXUDA 2019	Puntuación segundo o baremo
L18-1920-22-0053	CASA TURISMO RURAL EN CARNOTA	O LAR DOS VAGALUMES, S.L.	381.271,50	35,60%	33.933,16	101.799,49	54,00
L17-1920-22-0029	COMERCIO RURAL "CASA XALLEIRO DE LAGO"	LORENA MOLEDO CIVÉS	8.556,22	35,20%	3.011,79	0,00	53,00
L18-1920-22-0051	INSTALACIÓN CARPINTERÍA METÁLICA	GERMÁN Y CAAMAÑO, S.L.	474.654,30	34,80%	73.366,95	91.812,75	52,00
L18-1920-22-0045	MODIFICACIÓN DE FLITCHS DE MADEIRA PARA PEZAS DE ALTO VALOR ENGADIDO	TALENDIS INTERESA, S.L.	34.204,55	33,20%	2.838,98	8.516,93	48,00
L17-1920-22-0042	INSTALACIÓN CARPINTERÍA DE MADEIRA EN CARBALLO	JOCAR DISEÑO, S.L.	246.425,37	32,00%	55.883,45	22.972,67	45,00
L18-1920-22-0052	MELLORA DE EMPRESA DE VIDRIO (*)	GRUPO VEVEY VIDRIO, S.L.	382.016,28	32,00%	28.733,63	86.200,90	45,00
					197.767,96	311.302,74	

(\*) Expediente con adjudicación parcial, ten 7.310,68 € sen adjudicar por falta de fondos na tipoloxía do proxecto



**ANEXO II: PROXECTOS NON PRODUTIVOS SELECCIONADOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PÚBLICAS LOCAIS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2018	IMPORTE AXUDA 2019	Puntuación segundo o baremo
L18-1920-22-0064	CLIMATIZACIÓN AUDITORIO E SALA DE REUNIÓN EN BAIO DESTINADOS A AULAS DE FORMACIÓN	CONCELLO DE ZAS	20.121,42	79,60%	16.016,65	0,00	39,00
L18-1920-22-0058	RENOVACIÓN ILUMINACIÓN INTERIOR PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA CENTRO DE INTERPRETACIÓN BUÑO OLEIRO E TERRAS DE BERGANTIÑOS	CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS	43.051,87	77,20%	8.309,01	24.927,03	33,00
L18-1920-22-0049	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA DO CASCO HISTÓRICO - ARTÍSTICO DE CORCUBIÓN	CONCELLO DE CORCUBIÓN	48.778,73	76,80%	33.715,85	3.746,21	32,00
					58.041,51	28.673,24	

**ANEXO III: PROXECTOS NON PRODUTIVOS SELECCIONADOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	IMPORTE AXUDA 2018	IMPORTE AXUDA 2019	Puntuación segundo o baremo
L18-1920-22-0054	CENTRO DE INVESTIGACIÓN, CAPACITACIÓN E PROMOCIÓN APÍCOLA (CICAPIS)	ASOCIACIÓN EFA FONTEBOA	46.724,01	89,20%	16.716,20	21.283,80	63,00
L18-1920-22-0066	FORMACIÓN DUAL ACREDITADA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	ASOCIACIÓN ASPABER	103.125,00	87,20%	14.949,39	19.028,79	58,00
					31.665,59	40.312,59	



**ANEXO IV : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS**

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L17-1920-22-0020	PROXECTO DE MELLORAS TECNOLÓXICAS EN INDUSTRIA CÁRNICA	PRODUCTOS CÁRNICOS DOMÍNGUEZ, S.L.	30.000,00	30,00%	40,00
L17-1920-22-0018	INVESTIMENTO PARQUE MULTIAVENTURA E CURSO DE FORMACIÓN	ACTIVIDADES LÚDICO DEPORTIVAS BERGANTIÑOS, S.L.	160.605,86	29,60%	39,00
L17-1920-22-0013	CREACIÓN - INSTALACIÓN DE PANADERÍA	PANADERÍA O SABIO, S.L.	270.654,37	29,40%	38,50
L17-1920-22-0037	PROXECTO DE EXECUCIÓN DE TANATORIO E CREMATORIO EN A LARACHA	AMBULANCIAS Y POMPAS FÚNEBRES SAN ANTONIO, S.L.	400.000,00	29,20%	38,00
L17-1920-22-0003	RESIDENCIA CANINA	ROGELIO FUENTEFRÍA NOYA	208.981,21	28,80%	37,00
L18-1920-22-0055	CONSTRUCCIÓN DE PLANTA DE TRATAMIENTO DE RESIDUOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CEE	BUA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L.	232.404,46	28,80%	37,00
L18-1920-22-0059	CAMPAMENTO TURÍSTICO EN LIRES	SANDRA VIEITES BUITURÓN	422.302,96	28,80%	37,00
L17-1920-22-0021	MELLORAS PARA AFORRO ENERXÉTICO	GANADERÍA OS LOUREIROS, S.L.	78.694,70	28,40%	36,00
L17-1920-22-0031	MELLORA COMPETITIVIDADE E CAPACIDADE PRODUTIVA DA EMPRESA	HIJOS DE ROMAY, S.L.	70.000,00	28,00%	35,00
L17-1920-22-0012	ADQUISICIÓN DE MAQUINARIA PARA RETIRADA DE HERBA ARTIFICIAL	XARDINERÍA REJA, S.L.	148.500,00	27,60%	34,00
L17-1920-22-0041	INSTALACIÓN DE AUTOCONSUMO DE PIGARCRE - GRANXA SOANDRES	PIGARCRE, S.L.	28.775,25	27,20%	33,00
L17-1920-22-0040	INSTALACIÓN DE AUTOCONSUMO DE PIGARCRE - GRANXA GOLMAR	PIGARCRE, S.L.	31.465,00	27,20%	33,00
L18-1920-22-0047	CONSTRUCCIÓN DE NAVE PARA TALLER - CARPINTERÍA METÁLICA	ALUPONTE, S.L.	348.231,09	26,40%	31,00
L17-1920-22-0033	ADQUISICIÓN DE MÁQUINA DE PRECISIÓN POR VISIÓN	MANUEL COSTA ABELENDIA	40.702,50	26,00%	30,00



#### ANEXO IV : LISTA DE AGARDA PROXECTOS PRODUTIVOS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L17-1920-22-0010	AMPLIACIÓN CAPACIDADE PRODUTIVA DA EMPRESA	PANARTESAN, S.L.	31.552,55	25,20%	28,00

#### ANEXO V : LISTA DE AGARDA PROXECTOS NON PRODUTIVOS PROMOVIDOS POR ENTIDADES PRIVADAS

Número de expediente	Título	Promotor	Orzamento aceptado	Portentaxe de axuda (%)	Puntuación segundo o baremo
L18-1920-22-0057	SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO	ASOCIACIÓN INTEGRO	42.821,90	85,60%	54,00

#### ANEXO VI: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L17-1920-22-0007	IRENE MABEL BUSTO RODRÍGUEZ	6	NON VERIFICACIÓN DE ICE FAVORABLE POR AGADER
L17-1920-22-0030	VERÓNICA SILVA VÁZQUEZ	5	
L17-1920-22-0034	A TABERNA DE BOQUETE, S.L.	4	
L18-1920-22-0043	GANADERÍA RAMOS, S.C.	6	PROXECTO INICIADO ANTES DA SOLICITUDE DE AXUDA (ICE DESFAVORABLE)
L18-1920-22-0044	ASIMOV EFFICIENCY, S.L.	4	
L18-1920-22-0050	GABRIEL FÁBREGAS SANTOS	1	
L18-1920-22-0056	ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DAS TIC	4	



## ANEXO VI: EXPEDIENTES CON DENEGACIÓN DA AXUDA

Número de expediente	Promotor	Motivo	Observacións
L18-1920-22-0060	GANADERÍA DE PAZOS, S.C.G.	1	
L18-1920-22-0061	PETRA HOFMANN	6	PROXECTO NON VIABLE TÉCNICA, ECONÓMICA E FINANCEIRAMENTE (ICE DESFAVORABLE)
L18-1920-22-0062	MARÍA INÉS SILVA LISTE	6	NON VERIFICACIÓN DE ICE FAVORABLE POR AGADER
L18-1920-22-0063	VTECQUIM SOLUTIONS, S.A.	1	
L18-1920-22-0065	FUNDACIÓN EDUARDO PONDAL	1	
L18-1920-22-0067	ANGEL MATO POSE	6	PROXECTO NON VIABLE TÉCNICAMENTE (ICE DESFAVORABLE)
L18-1920-22-0068	SERVICIOS AGRÍCOLAS POSE, S.L.	4	
L18-1920-22-0069	HOSTELVIM, S.L.	1	

### Motivos:

1. A solicitude de axuda está incompleta (artigo 12 das bases reguladoras)
2. O promotor non cumpre os requisitos indicados nas bases reguladoras (artigo 3 das bases reguladoras)
3. Os gastos propostos no orzamento do proxecto non son subvencionables (artigo 5 das bases reguladoras)
4. O proxecto non é elixible ao abeiro das fichas de elixibilidade das bases reguladoras e/ou da estratexia do GDR.
5. O proxecto non acadada a puntuación mínima ou de corte establecida no baremo do GDR.
6. Outras: especificar a causa no apartado de observacións

Santiago de Compostela

O director xeral da Agader

(Por delegación: Resolución 24/07/2013; DOG n.º 148, do 5 de agosto)

(Asinadoelectronicamente)

